

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 19.12.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 08.35 h do 19.12.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso (quen abandona a sesión ás 09.04 h), Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretario en réxime de acumulación:

Manuel Larrosa Rodríguez

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que urxencia desta sesión vén determinada polo prazo para a aprobación do Plan de obras e servizos da Deputación Provincial da Coruña.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que o seu grupo vaise abster. Se fosen necesarios os votos do seu grupo para sacar isto adiante votarían a favor pero, como non son necesarios, o seu grupo vaise abster, baseándose na crítica que tanto se lle fixo ao goberno anterior pero, o actual goberno tamén chega ao último día para presentar este asunto cando se podería ter feito moito antes.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que comeza a súa quenda de intervencións lembrándose da familia de Laura porque entende que os seus familiares están pasando por momentos difíciles e complexos e denuncia a barbarie que esta a asolar á sociedade. Respecto da urxencia da sesión a súa intervención será semellante a veces anteriores. Entende que a cuestión é urxente porque os prazos vencen pero os traballos de planificación dos proxectos non se fixeron nos tempos axeitados. É certo que en anteriores ocasións tamén sucedeu isto e que os anteriores gobernos tamén trouxeron in extremis as obras, pero isto non quita que a responsabilidade sexa a que é en cada momento por parte de quen goberna. Por todo isto anuncia que o seu grupo vaise abster e coincide co voceiro do grupo municipal do BNG no senso de que se os seus votos fosen necesarios para a súa aprobación votarían a favor para que non se perdesse o investimento e que os veciños non se visen prexudicados.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a súa postura tamén vai ser a abstención e di que se fose preciso votar a favor para que as obras se fixeran tamén votaría a favor.

Sometida a urxencia a votación foi ratificada por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

2. Aprobación, se procede, do expediente do POS+ 2019 da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 18.12.2018, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019, no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra “Construción de 126 columnas de nichos e cinceiros funerarios (3+1) no cemiterio municipal (Barallobre)” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 7949/14.12.2018). Consta informe técnico de 15.12.2018, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

2 Proxecto de obra “Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais en As Picas (Magalofes)” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 5980 de 25.09.2018). Consta informe técnico de 23.10.2018, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

3 Proxecto de obra “Reurbanización dos bloques III e IV en San Valentín” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 201899900001024/14.12.2018). Consta informe técnico de 17.12.2018, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

4 Proxecto de obra “Reforzo de firme con M.B.Q no camiño das Chousas (Barallobre)” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 6715/25.10.2018). Consta informe técnico de 14.12.2018, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

5 Proxecto de obra “Dotación de servizos e reforzo do firme con M.B.Q nos camiños de Os Regueiros e Visura (Sillobre)” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 6716/25.10.2018). Consta informe técnico de 15.12.2018, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

6 Proxecto de obra “Pavimentación de vial de Fene a Magalofes por Lubián” asinado por Pablo Blanco Ferreiro (RXE 201899900001017/13.12.2018). Consta informe técnico de 15.12.2018, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

7 Proxecto de obra “Dotación de servizos e reforzo do firme con M.B.Q no camiño de A Lomba (Barallobre)” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 7965/14.12.2018). Consta informe técnico de 17.12.2018, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

8 Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os citados proxectos.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 remata o 20 de decembro do 2018, proponse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-	-	-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-	-	-
Subtotal pago a provedores	-	-	-

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	273.150,90 €
Subtotal gasto corrente	273.150,90 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración	-	-	-
-	-	-	-
Subtotal investimentos achega provincial 2019	-	-	-

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais en As Picas (Magalofes)	58.844,16 €	-	58.844,16 €
Reurbanización dos bloques III e IV en San Valentín	117.441,01 €	-	117.441,01 €
Reforzo de firme con M.B.Q no camiño das Chousas (Barallobre)	47.811,45 €	8.342,23 €	56.153,68 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	224.096,62 €	8.342,23 €	232.438,85 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Construcción de 126 columnas de nichos e cinceiros funerarios (3+1) no cemiterio municipal (Barallobre)	187.597,98 €	66.199,05 €	253.797,03 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	187.597,98 €	66.199,05 €	253.797,03 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
-	-	-
-	-	-
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		-

E) Resumo:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	-		-
	Achega 2019	-		-
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	273.150,90 €		273.150,90 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	-	-	-
	Achega 2018	224.096,62 €	8.342,23 €	232.438,85 €
	Préstamo 2019	187.597,98 €	66.199,05 €	253.797,03 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	-		-
TOTAL	Achega 2019	273.150,90 €	-	273.150,90 €
	Achega 2018	224.096,62 €	8.342,23 €	232.438,85 €
	Préstamo 2019	187.597,98 €	66.199,05 €	253.797,03 €
	TOTAL	684.845,50 €	74.541,28 €	759.386,78 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Dotación de servizos e reforzo do firme con M.B.Q nos camiños de Os Regueiros e Visura (Sillobre)	148.550,89 €
Pavimentación de vial de Fene a Magalofes por Lubián	112.399,11 €
Dotación de servizos e reforzo do firme con M.B.Q no camiño de A Lomba (Barallobre)	104.833,13 €
TOTAIS	365.783,13 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal”

Abre o debate o alcalde que explica que dentro do expediente hai distintas obras que tiveron encaixe nas achegas da Deputación dentro dos puntos que se especifican na proposta. Quizais a obra máis importante é a construción dos panteóns municipais, 126 columnas de nichos e cinceiros que van na achega do préstamo provincial. Polas esixencias do Plan houbo que dividir esta actuación en dous proxectos, por un lado esta a reurbanización e dotación de servizos e por outro a construción dos 126 nichos. Ademais a proposta inclúe o plan complementario, articulado por unha serie de servizos de aglomerado que inclúe zonas como a Visura, o vial de Fene a Magalofes, máis a dotación de servizos no camiño da Lomba.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que onte non puido ver a proposta da alcaldía definitiva e supuso que sería a que lle tiñan comentado. Respecto á única reunión que houbo na Xunta de Voceiros comproba que non coincide exactamente co falado pois, concretamente fíxose mención a 5 obras concretas que non coinciden coa proposta actual e igual pasa cos cartos destinados a gasto corrente que se dixo que ían ser 100000 euros menos. Supón que isto ocorre por encaixes porque non puido ver a Proposta da alcaldía e o único que ten é un correo, xa que o Pleno convocouse onte as 14.30 h e non puido pasar polo Concello para ver o expediente. Di que todas as obras son importantes, estas e as que se faloron o outro día en Voceiros. Anuncia que o seu grupo vaise abster porque considera que son obras importantes pero non son as faladas en Voceiros o outro día. Cita un extracto dunha acta: “A urxencia e as obras vén dada pola incompetencia e falta de traballo deste goberno, que como sempre vén tarde, mal e a rastro.” e preguntalle ao alcalde se lle soan estas palabras?, xa que son as súas palabras do Pleno do ano pasado, cando se presentou o POS o mesmo día, logo de ter bastantes máis reunións cos grupos municipais.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que as obras que se presentan na proposta, igual que as demais das que se faloron naquela Xunta de Voceiros na que se tratou o POS+ considera que son todas necesarias, aínda que logo haxa que fixar prioridades para que encaixen. É certo que logo as prioridades hai que adaptalas á propia configuración deste POS+ que se configura en distintos programas no que teñen encaixe un ou outro tipo de obras. Entende que se chega aquí con algúns cambios ou axustes dos que houbo pouca ocasión de falar, pero se chega polo de sempre, porque ao final non son quen de traer as obras con tempo suficiente para que poida haber debates sosegados previos aos plenos e incluso se poidan aprobar cunha marxe de tempo razoable sen ter que estar sempre nas últimas. Este tipo de cuestións compéttelle en cada momento a quen goberna e cada goberno ten a responsabilidade de que manexar os procedementos e os tempos, igual que a definición última das prioridades e de cales proxectos se lles vai dar pulo para que se fagan agora ou máis adiante. Dende a perspectiva de que todas as obras que se puxeron sobre a mesa son necesarias, porque se entendese outra cousa podería modular o seu voto cara a un sentido negativo, pero entende que todas as obras son positivas para a cidadanía e que a responsabilidade última lle corresponde ao goberno, así como que se chegue hoxe a traspés. Por todo isto o seu grupo fará hoxe unha excepción co sentido positivo e entende que a súa abstención é no senso de que apoia estas obras, igual que outras das que se faloron, e se os votos do seu grupo fosen necesarios para evitar o mal de que se perdesen os cartos e as obras para os veciños e veciñas o seu voto sería máis definido, pero entende que non é a situación actual da Corporación. Por iso o seu grupo opta pola abstención apoiando as obras que se realizan pero tamén cun sentido de crítica á incapacidade, que unha vez máis, manifestan os diversos gobernos de Fene. Neste caso correspóndelle ao Partido Popular e Somos Fene anticipar os tempos e os debates para poder chegar a procesos de toma de decisións máis maduros e consensuados dos que permiten os tempos cos que se esta a traballar nos últimos anos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos

Fene) e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-	-	-
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-	-	-
Subtotal pago a provedores	-	-	-

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	273.150,90 €
Subtotal gasto corrente	273.150,90 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración	-	-	-
Subtotal investimentos achega provincial 2019	-	-	-

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais en As Picas (Magalofes)	58.844,16 €	-	58.844,16 €
Reurbanización dos bloques III e IV en San Valentín	117.441,01 €	-	117.441,01 €
Reforzo de firme con M.B.Q no camiño das Chousas (Barallobre)	47.811,45 €	8.342,23 €	56.153,68 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	224.096,62 €	8.342,23 €	232.438,85 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			

C.I.F.: P-1503600-G

Construcción de 126 columnas de nichos e cinceiros funerarios (3+1) no cemiterio municipal (Barallobre)	187.597,98 €	66.199,05 €	253.797,03 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	187.597,98 €	66.199,05 €	253.797,03 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
-	-	-
-	-	-
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		-

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	-		-
	Achega 2019	-		-
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	273.150,90 €		273.150,90 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	-	-	-
	Achega 2018	224.096,62 €	8.342,23 €	232.438,85 €
	Préstamo 2019	187.597,98 €	66.199,05 €	253.797,03 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	-		-
TOTAL	Achega 2019	273.150,90 €	-	273.150,90 €
	Achega 2018	224.096,62 €	8.342,23 €	232.438,85 €
	Préstamo 2019	187.597,98 €	66.199,05 €	253.797,03 €
	TOTAL	684.845,50 €	74.541,28 €	759.386,78 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Dotación de servizos e reforzo do firme con M.B.Q nos camiños de Os Regueiros e Visura (Sillobre)	148.550,89 €
Pavimentación de vial de Fene a Magalofes por Lubián	112.399,11 €
Dotación de servizos e reforzo do firme con M.B.Q no camiño de A Lomba (Barallobre)	104.833,13 €
TOTAIS	365.783,13 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 08.47 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo secretario en réxime de acumulación Manuel Larrosa Rodríguez e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

C.I.F.: P-1503600-G